

RESOLUCIÓN

Autorización de utilización das instalacións portuarias para execución de obras de mellora das redes de saneamento e pluviais na praza Ramón Juega en zona portuaria de Laxe

Solicitante: Concello de Laxe

Clave: 12-21-23-O-2

Porto: Laxe

O 21/10/2022 recíbese unha solicitude da alcaldía do Concello de Laxe (entrada nº 2022/2578671) de autorización para execución das obras do proxecto de "mellora das redes de saneamento e pluviais na praza Ramón Juega, no Concello de Laxe, redactado polos enxeñeiros de camiños, canles e portos D. Emilio Quintáns Pérez, colexiado nº32520 e Dª Andrea Calvo Rivera, colexiada nº 36063, ao afectar unha pequena parte delas á zona portuaria.

A Actuación proxectada ten coma obxecto a renovación da rede de saneamento existente e a súa separación da rede de pluviais. Do mesmo xeito, no tocante á rede de pluviais, instalarase de forma separativa á de saneamento conectando estas conducción nun pozo do Paseo Marítimo, baixo a zona peonil. Parte desta actuación discorre polo d.p.p. de Laxe, tal e coma se indica nos planos presentados e que reflictan no anexo.

Non obstante, a actuación desenvolvease case na sua totalidade fora do porto, ocupando minimamente a zona portuaria. Dada a sua localización estas novas conducións únicamente dan servizo a fachada urbana e non ó porto, ádemás substitúe a una conducción xa existente.

O 04/12/2023 a Xefa de Zona Centro de Portos de Galicia emite informe FAVORABLE á solicitude por considerar que supón un beneficio na xestión da recollida das augas e non prexudica ás actividades portuarias nin supón dano a terceiros.

Por Resolución do 05/12/2023 o Presidente de Portos de Galicia autoriza a execución das obras autorizadas.

Posteriormente, en data 13/05/2024 (entrada nº 539/RX1567783) o Concello de Laxe solicita prórroga para a execución das obras debido aos retrasos provocados pola tramitación da subvención.

O 25/09/2024 en NI 165/2024 (entrada nº 2024/2244245) a Xefa de Zona Centro de Portos de Galicia emite informe FAVORABLE á solicitude da prórroga.





CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

Vista a solicitude presentada para **mellora das redes de saneamento e pluviais na praza Ramón Juega en zona portuaria de Laxe**, solicitada polo Concello de Laxe, nunha zona que seguirán quedando afecta ó uso público portuario, conforme co disposto no artigo 58 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia dado que se trata dunha actividade na que non concorre unha especial circunstancia de exclusividade, intensidade, perigosidade ou rendibilidade, trátase dunha autorización de utilización das instalacións portuarias, para desenvolver actividades doutra natureza, descrita na letra a) do citado artigo 58.

Visto o informe da xefatura de zona centro de data 04/12/2023.

Vista a solicitude de prórroga das obras de 13/05/2024.

Visto o informe da xefatura de zona centro de 25/09/2024

A dita autorización rexererase pola Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, e no seu caso polo Regulamento de explotación e policía polas ordenanzas portuaria.

Vistas a exención prevista nos artigos 30.1. d) e 40.1 da Lei de taxas, prezos e exacción reguladoras da comunidade autónoma de Galicia

De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas a Presidencia de Portos de Galicia no artigo 12.3. k) da Lei 6/2017 de portos de Galicia.

RESOLVO:

AUTORIZAR ao Concello de Laxe a PRÓRROGA das actuacións de **execución de obras de mellora das redes de saneamento e pluviais na praza Ramón Juega en zona portuaria de Laxe**, segundo a solicitude do Concello recibida o O 21/10/2022 (entrada nº 2022/2578671), conforme ó descrito na documentación técnica achegada, baixo as condicións inseridas á presente resolución, dispoñendo o peticionario dun **prazo de dez (10) días, contados desde o seguinte ó da notificación desta Resolución**, para alegar ou renunciar expresamente á presente autorización. Si en tal prazo non fixera manifestación algunha entenderase conforme ás condicións:

1. Esta autorización outorgarase en precario, sendo libremente revogable cando por razóns de explotación portuaria sexa necesaria. En todo caso, esta autorización non suporá a imposición, nin a aceptación de constitución de





servidumes de ningún tipo sobre o dominio público portuario. As obras realizadas quedarán incorporadas o patrimonio de Portos de Galicia.

2. A presente autorización refírese únicamente as actuacións a desenvolver na zona de servizo do porto referido, na localización indicada no anexo, segundo o proxecto presentado.
3. Os bens de dominio público portuario adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia afectados pola actuación autorizada manterán esa condición e a dita obra incorporarase ao dito dominio, continuando polo tanto Portos de Galicia exercendo as competencias sobre este que establece a lexislación vixente nesta materia, sen prexuízo do indicado nas condicións seguintes.
4. O Concello de Laxe farase responsables da correcta execución da actuación autorizada e do seu mantemento posteriormente e mentres permaneza instalada no porto.
5. Portos de Galicia non será responsable en absoluto de calquera dano ás persoas ou cousas que poidan producirse como consecuencia das obras ou actividades autorizadas.
6. Calquera modificación na actuación, así como a execución da actividade ou obras non contempladas nesta, requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.
7. As obras executaranse baixo a vixilancia e supervisión do persoal técnico de portos de Galicia, debendo notificar o inicio das obras á Zona Centro de Portos de Galicia.
8. Sera por conta do Concello de Laxe a reposición do paquete de firme de acordo coa lexislación vixente na materia, tendo en conta o tráfico existente na vía. O firme antigo deberá ser cortado antes da reposición mediante serra circular. Se o pavimento se compón de elementos separados, tales coma lousas de pedra, lastrado sobre area, etc., deberá removerse e levantarse coidadosamente. Non obstante, a REPOSICIÓN DO PAVIMENTO deberá quedar perfectamente rasada con pavimentos existentes e a lo menos igualar ou superar as actuais prestacións en canto a calidad (pavimento de formigón e rego asfáltico) e dimensionamento (espesores, composicións, densidades, etc). O titular será responsable da reposición ao seu estado orixinal de todos os servizos afectados polas obras.
9. As actuacións **deberán iniciarse nun prazo máximo de TRES (3) MESES e rematar en SEIS (6) MESES**. Os prazos indicados poderán ser ampliados, a petición do Concello, sempre e cando exista causa xustificada.
10. A dita autorización emitirse sen prexuízo da obtención e mantemento en vigor polo Concello de Laxe, no seu caso, dos permisos, licencias e





autorizacións que sexan legalmente esixibles, e en concreto das autorizacións oportunas por posibles afeccións ambientais o patrimoniais identificadas no Plan Básico Autonómico.

11. En aplicación do disposto do artigo 40.1 da lei de taxas prezos e exención reguladoras da comunidade autónoma de Galicia, a ocupación está exenta de taxas.

Conta esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso protestativo de reposición, no prazo DUN (1) MES contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado electrónicamente polo Presidente de Portos de Galicia

José Antonio Álvarez Vidal





ANEXO: LOCALIZACIÓN

